



ORDENANZA FISCAL REGULADORA DA TAXA POR POLA UTILIZACIÓN PRIVATIVA OU APROVEITAMENTO ESPECIAL CONSTITUÍDO POR OCUPACIÓNS DE TERREOS DE USO PÚBLICO CON POSTOS, BARRACAS, CASETAS DE VENTA, ESPECTÁCULOS OU ATRACCIÓNS, E INDUSTRIAS DE RÚA E AMBULANTES E RODAXE CINEMATOGRAFICO.

ARTIGO 1.—NATUREZA E FUNDAMENTO

En uso das facultades concedidas polos artigos 133.2 e 142 da Constitución, e polo artigo 106 da Lei 7/85, de 2 de Abril, reguladora das bases do réxime local, e de conformidade co disposto nos artigos 15 a 19 do Texto refundido da lei reguladora das facendas locais, aprobado por Real decreto legislativo 2/2004, do 5 de marzo, o Concello de Redondela establece a taxa pola utilización privativa ou o aproveitamento especial do dominio público local constituídos pola ocupación de terreos de uso público con ocupacións por postos, barracas, casetas de venta, espectáculos ou atraccións, e industrias de rúa e ambulantes e rodaxe cinematográfica, a que se refire o artigo 20.3.n), e artigo 24 do citado Texto refundido, que se rexerá pola presente Ordenanza, e cuxas normas atenden ao previsto no artigo 57 do mesmo texto legal.

ARTIGO 2.—FEITO IMPOÑIBLE

Constitúe o feito imponible desta taxa a utilización privativa ou o aproveitamento especial que se deriva da realización de ocupacións da vía pública ou terreos de uso público local con postos, barracas, casetas de venta, espectáculos, atraccións, industrias de rúa e ambulantes e rodaxe cinematográfica.

ARTIGO 3.—SUXEITO PASIVO

Son suxeitos pasivos contribuíntes as persoas físicas ou xurídicas e as entidades sen personalidade xurídica ás que se refire o artigo 35.4 da Lei 58/2003, do 17 de decembro, xeral tributaria, a cuxo favor se outorguen as licenzas, ou quen se beneficien do aproveitamento, se aínda non se concedera a oportuna autorización.

ARTIGO 4.—RESPONSABLES

Os supostos de responsabilidade, xa sexa subsidiaria ou solidaria, serán os previstos na normativa tributaria.



ARTIGO 5.—EXENCIÓNS E BONIFICACIÓNS

Non poderán recoñecerse outros beneficios fiscais que os expresamente previstos nas normas con rango de lei ou os derivados da aplicación dos tratados internacionais.

ARTIGO 6.—BASE IMPOÑIBLE

Tomarase como base para a determinación do importe desta taxa o valor de mercado que tería a utilización privativa ou o aproveitamento especial, e elo en función do tipo de aproveitamento, o tempo de duración do aproveitamento ao longo do ano e a categoría da vía pública sobre a que se sitúan.

ARTIGO 7.—COTA TRIBUTARIA. RÉXIME XERAL

1. A contía da taxa regulada nesta Ordenanza será a resultante da aplicación das tarifas contidas neste artigo. No suposto de que se utilicen procedementos de licitación pública a contía da taxa será o valor económico da proposición, que en ningún caso poderá ser menor da cantidade resultante da aplicación do disposto nos apartados seguintes.

2. Ocupación con ou sen licencia previa

	Unidade €/día
a) Feira do gando:	
a.1. Reses de gando maior 1.....	1,46
a.2. Reses de gando menor 1.....	0,60
a.3. Porcos/as de cría 1.....	0,60
b) Postos, barracas, casetas de venda da feira:	
b.1. Toda clase de artigos. Cada m2, até un máximo de 10 m2.....	0,73
Cada m2 que exceda de 10 m2.....	0,84
c) As atraccións, barracas, postos instalados e similares, satisfarán ao día 2,50 euros por cada metro cadrado ou fracción de ocupación.	
d) Rodaxe cinematográfica, espectáculos callejeros, circos e similares.... Ate 500 m2.....	27,78
Por cada 100 m2 máis ou fracción	11,53 €.
e) Feira de Chapela:	
e.1. Toda clase de artigos. Cada m2 até un máximo de 10 m2.....	0,37



Cada m2 que exceda de 10 m2.....0,42

f) Feira de artesanía:

Os artesáns para poder participar, no momento da solicitude deberán depositar unha fianza de 15 euros. Ademais pagarán 10,50 euros por cada día dos que se celebre a feira. A fianza devolverase ao rematar a feira, ou ben con anterioridade por razóns xustificadas ante o Concello.

O Concello por causas extraordinarias da súa competencia e responsabilidade nas que a feira non se puidese celebrar poderá reducir proporcionalmente o importe da taxa.

ARTIGO 8.—PERÍODO IMPOSITIVO E DEVENGO

1. O período impositivo coincidirá co ano natural. A taxa devengase o primeiro día do período impositivo, salvo nos casos de alta ao longo do mesmo, en que se producirá no momento da ocupación.

2. No caso de aproveitamentos realizados por días, o período impositivo é por día. Neste suposto, a taxa devengase o día declarado de instalación.

ARTIGO 9.—NORMAS DE XESTIÓN

1. Os suxeitos pasivos están obrigados a presentar as oportunas autoliquidacións coa alta e as declaracións de baixa. Así mesmo, cando se produza unha modificación do número de elementos instalados, que supoña un incremento da cota tributaria, estarán obrigados a presentar a correspondente autoliquidación. No caso de que a modificación supoña a diminución da cota tributaria, estarán obrigados a presentar unha declaración pola dita modificación. Así mesmo, presentarán as declaracións de cambio de titularidade. Nos supostos de aproveitamentos realizados por días os suxeitos pasivos deberán presentar, con anterioridade á instalación dos elementos, unha autoliquidación na que se sinalen os días da ocupación. Esta mesma autoliquidación deberá ser presentada polos elementos complementarios que queiran ser instalados en días concretos. Nos supostos de autoliquidacións de alta ou modificación que supoña incremento dos elementos instalados, estas esixiranse en réxime de depósito previo.

2. O prazo de pago en período voluntario das autoliquidacións será de cinco días naturais.

3. Nos supostos de aproveitamentos de carácter continuado e non puntuais a taxa xestionarase mediante padrón.

Os padróns anuais poranse ao cobro no primeiro trimestre de cada ano.

Poderá fraccionarse a cota anual sen xuros de demora mediante solicitude presentada no período voluntario de cobro utilizando formulario obrante nas oficinas de recadación. De utilizarse esta opción será obrigatoria a



domiciliación bancaria dos pagos, os que se producirán os días 5 dos meses de marzo, xuño, setembro e decembro.

O fraccionamento concedido, entenderase tácitamente renovado para o exercicio seguinte sempre que non exista unha petición de modificación ou revogación expresa polo interesado.

4. As autoliquidacións de alta producirán a incorporación dos suxeitos pasivos ao padrón do período impositivo seguinte a aquel no que se efectúen as citadas autoliquidacións.

5. As declaracións de baixa producirán a baixa no padrón do período impositivo seguinte a aquel no que se efectúen as citadas declaracións.

6. As autoliquidacións e declaracións de modificación producirán a incorporación ao padrón do período impositivo seguinte a aquel no que se efectúen.

7. En ningún caso, o inicio do procedemento de xestión ou o pago da cota implicará que se entendan como autorizadas polo Concello de Redondela as distintas instalacións.

8. As cantidades esixibles con arranxo ás tarifas liquidaranse mediante recibo ou autoliquidaranse por cada aproveitamento solicitado ou realizado e serán irreductibles polo período sinalado.

DISPOSICIÓN FINAL

A presente modificación da Ordenanza, aprobada polo Pleno da Corporación na súa sesión do día 28/05/2012 e, unha vez publicada integramente no Boletín Oficial da Provincia, entrará en vigor ao día seguinte da súa publicación, producindo efectos ata a súa modificación ou derogación.

Contra a aprobación definitiva desta ordenanza unicamente poderá interperse recurso contencioso administrativo ante a Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia no prazo de dous meses dende a publicación da Ordenanza no Boletín Oficial da Provincia.

Publicacións Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra:

- BOP número 249, do 30.12.1998
- BOP número 245, do 26.12.2000
- BOP número 241, do 15.12.2003
- BOP número 247, do 27.12.2005
- BOP número 249, do 26.12.2008
- BOP número 104, do 31.05.2012